



# Concello de Vimianzo

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### ASUNTO: ELEVAR A DEFINITIVA A LISTAXE DOS SERVIZOS DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL PARA O CURSO 2015-2016

Vista a listaxe provisional (Resolución de Alcaldía núm. 598/2015 do 06-05-2015) coa relación de nenas/os admitidas/os no servizo da escola infantil municipal para o curso 2015-2016, que estivo exposta ao público durante o prazo de dez días naturais, aos efectos de que as/os interesadas/os presenten alegacións.

Consta no expediente o informe da encargada do Rexistro Xeral do Concello no que se indica que durante o prazo de exposición da listaxe provisional, comprendido entre o 8 e o 18 de maio, ambos incluídos, se teñen presentado por rexistro dúas alegacións, (RE: 3830 do 13-5-2015 e RE: 3970 do 18/05/2015).

Consta o certificado achegado pola directora da escola infantil municipal "Os Vimianziños", onde se indica que a referida listaxe estivo exposta no taboleiro de anuncios do dito centro, dende a data do 8 ata o 18 de maio, ambos incluídos.

Tamén consta xustificación de terse publicada a listaxe provisional de nenas/os admitidas/os na escola infantil municipal para o curso 2015/16 no taboleiro de anuncios da páxina web do Concello de Vimianzo.

Consta o escrito con RE 3830/15, do 13 de maio de 2015, a modo de alegacións á listaxe provisional presentada por D. Alberto Lema Barros e D.<sup>a</sup> María Inmaculada Pazos Pereira.

Consta o escrito con RE 3970/15, do 18 de maio de 2015, a modo de alegacións á listaxe provisional presentada por D. Diego Fondo Lema.

Tamén consta os escritos con RE 3622, do 8 de maio de 2015; RE 3782, do 12 de maio de 2015 e RE 3815, do 13 de maio de 2015, no que solicitan variacións nas prazas adjudicadas, en canto á incorporación de servizos complementarios e que por tanto producen variacións no coste final das prazas.

Visto o informe emitido pola área de Benestar Social, de data 19 de maio de 2015, que dí o seguinte:

#### **"Informe da Área de Benestar Social**

**Asunto: finalización do prazo de presentación de reclamacións referidas á lista provisional de alumnas/os admitidas/os na escola infantil municipal para o curso 2015/2016**

**Data do Informe: 19 de maio de 2015**

*Unha vez exposta a relación provisional de admitidas/os no taboleiro de anuncios do concello, no taboleiro da EIM e tamén publicada na páxina WEB do concello e rematado o prazo de dita exposición ó público, procédese a elaborar a lista definitiva de admitidos así como unha serie de observacións que se fai preciso destacar neste informe tanto en relación as reclamacións presentadas en tempo e forma como a outras cuestións que afectan a lista provisional de admitidos e que se pasan a detallar nas seguintes liñas:*

- 1.- *Unha vez revisada a lista provisional de admitidos, detectase un erro en dous expedientes no que se refire ó cálculo do coste da praza.*
  - *Solicitud con nº de rexistro de entrada 2320 de 23 de marzo, referida ó menor JAS, figuraba cun coste de praza de 66 euros, tendo que ser o coste correcto da praza que ten que aboar 176 euros /mes.*
  - *Solicitud con nº de rexistro de entrada 2601 de 31 de marzo, referida ó menor ACT, figuraba cun coste de praza de 143 euros, tendo que ser o coste correcto da praza que ten que aboar 49,50 euros /mes.*
- 2.- *Hai un erro na suma da puntuación total do expediente con rexistro de entrada número 2503 de data 27 de marzo referido á menor UCR, xa que tiña computados un total de 13 puntos debendo ser o correcto 12 puntos. Esta nova puntuación non afecta nin modifica en nada a relación de prazas asignadas neste grupo en función das solicitudes feitas polos pais dos menores.*
- 3.- *En canto ás reclamacións presentadas:*
  - 3.1.- *Reclamación con nº de rexistro de entrada nº 3622 de 8 de maio correspondente ó menor MLC, no que a nai do menor solicita que o neno sexa incluído na ruta III do servizo complementario de transporte. Unha vez incluído este servizo, o coste final da praza vese modificado en tanto que se lle engade un servizo complementario e o coste da praza pasa de 52,80 a 69,30 euros mensuais.*

3.2- Reclamación con número de rexistro de entrada nº 3782 de 12 de maio correspondente ó menor ICB, na que solicita que se lle inclúa nas condicións da súa praza o servizo complementario de comedor. O coste vese polo tanto modificado e o coste final da praza pasa a ser de 42,90 euros/mensuais.

3.3- Reclamación con número de rexistro de entrada nº 3815 de 13 de maio correspondente á menor MPG, na que solicita que se lle inclúa nas condicións da súa praza o servizo complementario de comedor. O coste vese polo tanto modificado e o coste final da praza pasa a ser de 42,90 euros/mensuais.

3.4- Reclamación con número de rexistro de entrada nº 3830 de 13 de maio correspondente á menor ALP.

En relación a esta última reclamación, hai que explicar que os factores e datos que se tiveron en conta para establecer o cálculo final da puntuación son os recollidos no regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Concello de Vimianzo, publicado no BOP nº 137 de 21 de xullo de 2014. Revisado e expediente novamente, hai que sinalar que os factores computados son os seguintes:

- a) Na situación laboral puntúase con 6 puntos a situación laboral do pai por atoparse en situación de ACTIVO. Puntúase con 1 punto a situación laboral da nai por atoparse en situación de desempregada. Na documentación que achegan xunto coa solicitude de praza na escola, consta documentación que indica que dona María Inmaculada Pazos Pereira atópase en situación de desemprego. Concretamente a data desde a súa última inscrición como demandante de emprego é de 3 de febreiro de 2015, non achegando o longo do mes de marzo, nin do mes de abril, nin tampouco ata a data de hoxe, ningún documento que indique que a súa situación laboral é outra distinta a de desempregada.

Achega con data 24 de abril, un **informe, non un certificado**, asinado por Don José Manuel Pastoriza Paz, xerente da empresa Grupo Reacteda SL, no que se indica que dona Inmaculada Pazos Pereira comezará a traballar na citada empresa en calidade de cociñeira. Non se trata dun contrato de traballo nin tampouco dunha oferta de emprego, polo que se computa a situación de dona María Inmaculada como desempregada, outorgándolle unha puntuación de 1 punto como establece o regulamento. Sumada esta a que se lle outorga ó seu cónxuxe, o señor Alberto Lema Barros, fan un total de 7 puntos na baremación da situación laboral.

B) En canto á situación socifamiliar, non obteñen puntuación alguna, dado que non entran en ningún dos parámetros puntuados neste apartado.

c) No que se refire á situación económica, hai que sinalar que despois dos cálculos feitos, a renda per cápita desta unidade familiar é de 1.052,37 euros /mes; dado que se trata dunha renda superior ó 175% do IPREM, a puntuación obtida neste apartado é de 0 puntos.

Así, o total de puntuación do expediente é de 7 puntos, puntuación que xa vai reflexada na lista provisional de admitidos.

3.5.- - Reclamación con número de rexistro de entrada nº 3970 de 18 de maio correspondente ó menor MFT, na que o pai do menor manifesta non estar dacordo co cómputo de pago da escola infantil que se computa. El entende que debería computarse a situación económica do ano anteriore, é decir, neste caso, do exercicio 2014, xa que di que a vida laboral varía moito en 2 anos. Tendo en conta o no regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Concello de Vimianzo, publicado no BOP nº 137 de 21 de xullo de 2014, establece no punto 4.5 apartado b, o seguinte: "...un certificado emitido pola AEAT relativo ó ano fiscal que o concello determine para cada curso escolar, que por norma xeral vai ser sempre o referido ao ano anterior ou ó exercicio que se declare ou vaia declarar no momento no que se presenta a solicitude".

Por outro lado, no memso escrito, o pai do menor tamén fai unha reclamación sobre as instalacións da escola como o suelo e humedades, según di non é salubre para os nenos. Esta parte da reclamación consideramos que non corresponde darlle contestación neste informe.

4.- Tamén, neste período de alegacións, presentáronse varias solicitudes referidas a un posible cambio de horario nas prazas adxudicadas no caso de que exista dispoñibilidade no futuro. Éstas son as que se detallan a continuación:

4.1- Escrito con número de rexistro de entrada nº 3758 de 12 de maio correspondente ó menor SMR, na que solicita que dado que se lle outorgou unha praza de media xornada en horario de tarde porque non haber dispoñibilidade en xornada de mañán, se teña en conta a súa solicitude si se da o caso de que houbera algunha praza libre en horario de mañán.

4.2- Escrito con número de rexistro de entrada nº 3961 de 18 de maio correspondente ó menor EMR, na que solicita que dado que se lle outorgou unha praza de media xornada en horario de tarde porque non haber dispoñibilidade en xornada de mañán, se teña en conta a súa solicitude si se da o caso de que houbera algunha praza libre en horario de mañán.



# Concello de Vimianzo

4.3- Escrito con número de rexistro de entrada nº 3971 de 18 de maio correspondente ó menor HCP, na que solicita que dado que se lle outorgou unha praza de media xornada en horario de tarde porque non haber dispoñibilidade en xornada de mañán, se teña en conta a súa solicitude si se da o caso de que houbera algunha praza libre en horario de mañán.

Xunto con este informe, xuntamos a lista definitiva de nenos/as admitidas/os na escola infantil municipal para o curso 2015/2016.”

Consta no expediente a acta da Comisión de Baremación, Coordinación e Seguimento da escola infantil municipal, de data 26 de maio de 2015, na que se informa favorablemente a proposta de listaxe definitiva das prazas da escola infantil municipal durante o curso 2015/16.

Tense en conta o Regulamento do servizo de escola infantil, publicado no BOP nº 137, de data 21 de xullo de 2014.

Considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime Local (LBRL).

Visto canto antecede, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por D. Alberto Lema Barros e D.<sup>a</sup> María Inmaculada Pazos Pereira e as alegacións presentada por D. Diego Fondo Lema en base ao informe emitido pola área de Benestar Social, que consta transcrito nesta Resolución, que serve de motivación consonte co establecido no artigo 54 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SEGUNDO.- Aprobar a listaxe definitiva de nenas/os admitidas/os no servizo da escola infantil municipal para o curso 2015-2016, coas modificacións que se refiren no informe da área de Benestar Social de data 19 de maio de 2015, que se relaciona de seguido:

| Neno/a                    | Ncto       | Xornada                                       | COM | TRANS | Custo   | Punt | Enderezo                   | Parr        | Concello   |
|---------------------------|------------|---|-----|-------|---------|------|----------------------------|-------------|------------|
| Unidade 1                 |            |   |     |       |         |      |                            |             |            |
| Alonso Suárez, Jorge      | 13/03/2015 | Completa/partida (10:00-14:00 e 16:00-20:00h) | Si  | Si    | 176€    | 12   | Vilanova 11                | Baiñas      | Vimianzo   |
| Ameijeiras Lema, Hugo     | 18/03/2015 | Media de mañá (9:00-13:00h)                   | No  | No    | 0€      | 14   | R/Tras Muíño A-16-1ºB      | Vimianzo    | Vimianzo   |
| Cobas de la Torre, Anxo   | 15/03/2015 | Completa (9:00-17:00h)                        | Si  | No    | 49,50€  | 9    | R/Candil 30, 3º D          | Vimianzo    | Vimianzo   |
| Moreira Pose, Vera        | 02/04/2015 | Media (16:00-20:00h)                          | No  | No    | 26,40€  | 14   | Castro 12                  | Salto       | Vimianzo   |
| Unidade 2                 |            |   |     |       |         |      |                            |             |            |
| Ahmad Pose, Aisha         | 17/07/2014 | Media (10:00-14:00h)                          | Si  | Si    | 59,40€  | 13,5 | Baiñas 30                  | Baiñas      | Vimianzo   |
| Alvarellos Couto, Eric    | 30/07/2014 | Media (10:00-14:00h)                          | Si  | No    | 0€      | 9    | A Gándara 53               | Vimianzo    | Vimianzo   |
| Caamaño Rey, Uxia         | 25/07/2014 | Media (10:00-14:00h)                          | Si  | Si    | 154€    | 12   | A Piroja 88                | Bamiro      | Vimianzo   |
| Castro Pérez, Hugo        | 12/09/2014 | Media (16:00-20:00h)                          | No  | No    | 26,40€  | 13,5 | Padreiro Abaixo, 12        | Baiñas      | Vimianzo   |
| Cumplido Blanco, Matías   | 22/02/2014 | Completa (9:00-17:00h)                        | Si  | No    | 49,50€  | 13,5 | A Piroja                   | Bamiro      | Vimianzo   |
| González Maroño, Adrián   | 08/09/2014 | Completa (8:00-16:00h)                        | Si  | No    | 143€    | 12   | r/Blanco Rajoy, 33-3ºEs    | Vimianzo    | Vimianzo   |
| Maneiro Rodríguez, Samuel | 01/02/2014 | Media (16:00-20:00h)                          | No  | No    | 52,80€  | 13,5 | r/Moraime 24               | Añobres     | Muxia      |
| Méndez Regos, Elena       | 05/05/2014 | Completa (13:00-20:00h)                       | Si  | No    | 0€      | 9    | r/ Outeiro 86-1º           | Porte Porto | Camarifias |
| Oreiro Cantariño, Mateo   | 19/11/2014 | Media (16:00-20:00)                           | No  | Si    | 121€    | 12   | Baiñas 19                  | Baiñas      | Vimianzo   |
| Outeiral López, Celia     | 17/10/2014 | Media (10:00-14:00h)                          | Si  | No    | 112,20€ | 14   | r/ Vilar 4                 | Vimianzo    | Vimianzo   |
| Pérez Doldán, Inés        | 18/03/2014 | Media (9:00-13:00h)                           | No  | No    | 0€      | 14   | r/A.Vázquez Mouzo 45-2º    | Vimianzo    | Vimianzo   |
| Pérez Gesto, Marta        | 26/05/2014 | Media (13:00-16:00h)                          | Si  | No    | 42,90€  | 14   | r/Castelao 13              | Vimianzo    | Vimianzo   |
| Rodríguez Costa, Marco    | 22/09/2014 | Completa (9:00-17:00h)                        | Si  | Si    | 99€     | 13,5 | Casanova 5                 | Berdoias    | Vimianzo   |
| Sampedro Soto, Noa        | 13/11/2014 | Media (9:00-13:00h)                           | No  | No    | 26,40€  | 15,5 | Ogas 14                    | Cambada     | Vimianzo   |
| Sampedro Soto, Mia        | 13/11/2014 | Media (9:00-13:00h)                           | No  | No    | 26,40€  | 15,5 | Ogas 14                    | Cambada     | Vimianzo   |
| Vidal Andrade, Nerea      | 15/12/2014 | Media (9:00-13:00h)                           | No  | No    | 88€     | 12   | r/Blanco Rajoy 75.Portal 3 | Vimianzo    | Vimianzo   |
| Vieites Arjomil, Iria     | 10/11/2014 | Media (9:00-13:00h)                           | No  | No    | 26,40€  | 13,5 | Bribes 13                  | Vimianzo    | Vimianzo   |
| Zhou Jin, Xiu Qi          | 03/02/2014 | Completa (10:00-16:00h)                       | Si  | No    | 49,50€  | 14   | r/Vázquez Mouzo            | Vimianzo    | Vimianzo   |
| Unidade 3                 |            |   |     |       |         |      |                            |             |            |
| Aller Miñones, Alexandre  | 06/11/2013 | Completa (10:00-16:00h)                       | Si  | No    | 49,50€  | 13,5 | Braño 102                  | Vimianzo    | Vimianzo   |
| Caamaño Bermúdez, Ian     | 01/07/2013 | Media (10:00-14:00h)                          | Si  | No    | 42,90€  | 9    | r/ Castelao 4- 2º          | Vimianzo    | Vimianzo   |
| Calo Blanco, Lucía        | 11/06/2013 | Media (16:00-20:00h)                          | No  | No    | 52,80€  | 8,5  | Bamiro 13                  | Bamiro      | Vimianzo   |
| Calzas Moreira, Pablo     | 24/09/2013 | Media (10:00-14:00h)                          | Si  | Si    | 94,60€  | 13   | Rasamonde 26               | Cambada     | Vimianzo   |
| Cernadas Ordóñez, Leo     | 02/09/2013 | Media (10:00-14:00h)                          | Si  | No    | 121€    | 12   | Pasantes 25                | Vimianzo    | Vimianzo   |
| Collazo Gándara, José     | 10/10/2013 | Media (10:00-14:00h)                          | Si  | No    | 42,90€  | 8,5  | Urroa 1                    | Vimianzo    | Vimianzo   |

| Neno/a                       | Ncto       | Xornada                 | COM | TRANS | Custo  | Punt | Enderezo               | Parr      | Concello |
|------------------------------|------------|-------------------------|-----|-------|--------|------|------------------------|-----------|----------|
| Da Silva Quintana, Gabriela  | 27/01/2013 | Media (16:00-20:00h)    | No  | No    | 26,40€ | 14   | Reparada 15            | Vimianzo  | Vimianzo |
| Esperante Varela, Sabela     | 19/01/2013 | Completa (10:00-18:00h) | Si  | No    | 49,50€ | 14   | r/Blanco Rajoy 30-3º D | Vimianzo  | Vimianzo |
| Fernández Miñones, Miriam    | 30/03/2013 | Completa (9:00-17:00h)  | Si  | No    | 16,50€ | 14   | Tines 24               | Tines     | Vimianzo |
| Fernández Trillo, Izan       | 26/08/2013 | Media (10:00-14:00h)    | Si  | No    | 42,90€ | 14   | Roalo 26               | Castrelo  | Vimianzo |
| Fondo Martínez, Valeria      | 05/12/2013 | Media (16:00-20:00h)    | No  | No    | 52,80€ | 13,5 | A Piroja 115           | Bamiro    | Vimianzo |
| Fondo Trillo, Martín         | 07/02/2013 | Completa (8:00-16:00h)  | Si  | No    | 82,50  | 13,5 | Castromil              | Salto     | Vimianzo |
| García Álvarez, Antón        | 04/09/2013 | Completa (14:00-20:00h) | No  | No    | 99€    | 3    | Reparada 1             | Salto     | Vimianzo |
| Lavandeira Trillo, Carmen M. | 30/09/2013 | Completa (8:00-14:00h)  | Si  | NP    | 143€   | 12   | A Piroja 5, Portl 2-2º | Bamiro    | Vimianzo |
| Lema Castiñeira, Martín      | 09/06/2013 | Media (16:00-20:00h)    | Non | Si    | 69,30€ | 13,5 | Braño                  | Carantoña | Vimianzo |
| Lema Pazos, Alba             | 07/02/2013 | Completa (13:00-20:00h) | Si  | No    | 143€   | 7    | Gándara de Osa 4       | Vimianzo  | Vimianzo |
| Lires Vidal, Xoel            | 12/05/2013 | Completa (8:00-16:00h)  | Si  | No    | 82,50€ | 14,5 | Casais 41              | Vimianzo  | Vimianzo |
| Mancebo López, Antón         | 21/10/2013 | Media (16:00-20:00h)    | No  | No    | 79,20€ | 13,5 | Castrelo 15            | Castrelo  | Vimianzo |
| Maneiro Aguiar, Carla        | 17/11/2013 | Media (10:00-14:00h)    | Si  | No    | 25,30€ | 14,5 | Ponterroda 41-1ªzda    | Vimianzo  | Vimianzo |
| Mata Lema, Mateo             | 05/08/2013 | Media (10:00-14:00h)    | Si  | No    | 16,50€ | 9    | Reboredo               | Salto     | Vimianzo |
| Miñones Martínez, Ainara     | 22/11/2013 | Media (16:00-20:00h)    | No  | No    | 26,40€ | 8,5  | A Toxa 31              | Vimianzo  | Vimianzo |
| Mosquera Lema, Gabriel       | 11/08/2013 | Media (16:00-20:00h)    | No  | Si    | 0€     | 5    | A Piroja 122           | Bamiro    | Vimianzo |
| Pedreira Costa, Isaac        | 18/11/2013 | Completa (9:00-17:00h)  | Si  | Si    | 0€     | 9    | Grixoa 5               | Berdoias  | Vimianzo |
| Pinzón Soto, Max             | 17/05/2013 | Media (10:00-14:00h)    | Si  | Si    | 154€   | 12   | Calo 61                | Calo      | Vimianzo |
| Platas Vázquez, Raúl         | 07/02/2013 | Completa (9:00-17:00h)  | Si  | No    | 82,50€ | 13,5 | Blanco Rajoy 103       | Vimianzo  | Vimianzo |
| Pose Corbelle, Ángel         | 07/04/2013 | Completa (9:00-17:00h)  | Si  | No    | 0€     | 9    | Blanco Rajoy 62-2º     | Vimianzo  | Vimianzo |
| Ramos Pastoriza, Tomás       | 10/06/2013 | Media (9:00-13:00h)     | No  | No    | 26,40€ | 14   | O Campo 10             | Bamiro    | Vimianzo |
| Soto Lema, Claudia           | 28/04/2013 | Media (9:00-13:00h)     | No  | No    | 79,20€ | 8    | Castelao 3-2º          | Vimianzo  | Vimianzo |
| Suárez Torrado, Inés         | 10/07/2013 | Media (9:00-13:00h)     | No  | No    | 52,80€ | 8,5  | Torelo 36              | Salto     | Vimianzo |
| Valiña Vázquez, Lorena       | 20/08/2013 | Media (16:00-20:00h)    | No  | No    | 0€     | 9    | A Bouza 5              | Berdoias  | Vimianzo |

TERCEIRO.- Dar traslado da listaxe definitiva de admitidas/os á empresa concesionaria, GRUPO REACTEDA, S.L.

CUARTO.- Esta resolución expoñerase no taboleiro de anuncios do Concello, no taboleiro de anuncios da escola infantil municipal, así como na páxina web do Concello.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde en funcións en Vimianzo, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde en funcións

A secretaria